

ADMINISTRACIÓN LOCAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 6 de xullo de 2012 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

3.20105-APROBACIÓN DAS BASES DO PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL-SECCIÓN ACTIVIDADES (PAM), PARA O EXERCICIO 2012

Dada conta das Bases Reguladoras do Programa de Acción Municipal-Sección Actividades (PAM), para o exercicio 2012 sendo o obxecto das mesmas a concesión de subvencións a entidades locais con poboación inferior a 50.000 habitantes para a realización de actividades culturais e deportivas, seguindo o procedemento de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na xestión de axudas que han de guiar, con carácter xeral, este tipo de convocatorias.

Vista a necesidade, dada a insuficiencia de recursos económicos dos concellos, de colaborar con estes non financiamento de actividades que promovan ó acceso dos cidadáns á cultura, ó ocio e ó deporte, fomentando o desenvolvemento integral das persoas e contribuíndo a mellorar a oferta sociocultural e deportiva dos Entes Locais,

Vistos os conformes do Secretario Xeral e da Intervención Provincial, a Xunta de Goberno acorda, por unanimidade, aprobar as Bases Reguladoras do Programa de Acción Municipal, Sección Actividades (PAM), para o exercicio 2012 que a continuación se relacionan:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL, SECCIÓN ACTIVIDADES (PAM), PARA O EXERCICIO 2012

PRIMEIRA.—OBXECTO

A finalidade desta convocatoria é apoiar e contribuír ó desenvolvemento sociocultural e deportivo dos concellos e demais entidades locais da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, subvencionando a realización, durante o ano 2012, daquelas actividades culturais e deportivas que, xestionadas libremente polas entidades locais, se acollan a este

Programa de Acción Municipal, Sección Actividades, co obxectivo de asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.

Poderán ser obxecto da subvención as actividades organizadas polas entidades locais seguintes:

- 1. As actividades culturais**, que contribúan ó desenvolvemento, cultural, educativo e social das persoas do municipio ou da entidade local beneficiaria ou que teñan relación co/a mesmo/a, e que o seu Plan de Execución teña lugar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do exercicio 2012. En xeral, o tipo de actividades susceptibles de subvención son as que deseguido relacionamos:
 - I. Actividades de difusión cultural, favorecedoras da extensión e divulgación da cultura, como son as proxeccións de cine, vídeo, representacións teatrais, música, folclore e tradición, viaxes estritamente culturais dun día de duración ou máis e outros eventos semellantes.
 - II. Actividades artísticas, favorecedoras da creatividade e a iniciativa cultural, como son o fomento dos grupos de teatro, grupos musicais, creacións literarias tales como revistas culturais, científicas, recitais, concursos literarios, etc.
 - III. Actividades lúdicas, favorecedoras do esparcemento e ocio, como son festexos tradicionais folclóricos, semanas culturais, etc.
 - IV. Actividades formativas, favorecedoras da promoción educativa, cultural e profesional das persoas do municipio/entidade local como son cursos de formación xeral, ciclos culturais, conferencias socioculturais, encontros e xornadas de estudo, etc.

V. Calquera outra actividade cultural semellante ás anteriores.

2. As actividades deportivas, que contribúan ó desenvolvemento deportivo e de esparcemento, con repercusión que incida na promoción deportiva dentro da provincia de Pontevedra, con Plan de Execución que teña lugar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do exercicio 2012, e que se detallan a continuación:

I. Actividades organizativas de eventos deportivos puntuais, tales como a organización de campionatos, ligas, etc.

II. Actividades participativas en eventos deportivos, de carácter puntual e extraordinario.

III. Actividades de fomento deportivo, sendo a súa finalidade a promoción, fomento e formación deportiva con carácter específico ou inespecífico.

IV. Calquera outra actividade deportiva semellante ás anteriores.

SEGUNDA.—FINANCIAMENTO

O seu financiamento e réxime acomodaranse ó determinado nestas Bases.

Dito Programa, por importe de un millón (1.000.000,00) de euros, financiarase con cargo ó Orzamento de 2012, aplicación 942.942.462.00, que poderá incrementarse mediante suplementación de créditos.

TERCEIRA.—REQUISITOS

As actividades culturais e deportivas de ámbito local serán caracterizadas pola concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Libre determinación das entidades locais na elección das actividades que desexan realizar.
- b) Voluntariedade na participación e liberdade das entidades locais de organización de ditas actividades.

CUARTA.—BENEFICIARIOS

Poderán solicitar estas axudas todos os concellos e demais entidades locais da provincia menores de 50.000 habitantes, que desexen acollerse a esta convocatoria e que teñan previsto realizar actividades deportivas e culturais no período comprendido dende o 1 de xaneiro ó 31 de decembro do ano 2012.

Os beneficiarios da subvención estarán obrigados ó seguinte:

- a) A comunicar á Deputación de Pontevedra a obtención doutras subvencións ou axudas propias para a mesma finalidade, procedente de calquera Administración, incluída a propia Deputación, ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros.
- b) Difundir convenientemente e facer constar en toda información que a actividade está subvencionada pola Deputación de Pontevedra nos termos e condicións que se establecen na Base Décimo Primeira das que rexen a presente convocatoria.
- c) Comunicar ó Servizo de Cooperación calquera eventualidade na actividade ou programa subvencionado, cando afecte a tal subvención e no momento en que aquela se produza.
- d) Proporcionar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Cooperación encargado do seguimento e evolución das subvencións.

QUINTA.—SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro Xeral da Deputación, de luns a sábado, no rexistro da súa sé en Vigo, de luns a vernos, no Servizo de Cooperación ou na páxina web da Deputación: www.depo.es, achegando ademais a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa da actividade a desenvolver, debidamente asinada polo representante.
- b) Orzamento da actividade a realizar co IVE desagregado, detallado e debidamente asinado polo representante.

- c) Resolución ou certificación do acordo do órgano competente da Entidade Local no que se determine a actividade e se solicite a subvención para a súa realización.
- d) Certificación do Secretario (ou Interventor) no que conste se a entidade local obtivo ou solicitou calquera outra axuda, subvención, ingresos ou recursos que financien a actividade a subvencionar, e compromiso de comunicar á Deputación as que se obteñan nun futuro. (Anexo I)
- e) Certificación do Secretario (ou Interventor) de non estar incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas e de aceptación das bases da convocatoria, asumindo o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención. (Anexo I)

As Entidades Locais deberán presentar as solicitudes especificando as actividades concretas e sinalando, na medida do posible, o prazo para execución das mesmas, debendo presentar expedientes completos por cada solicitude.

Calquera falsidade dos datos presentados dará lugar á perda da subvención concedida, ademais doutras medidas que para o caso poida arbitrar a Deputación de Pontevedra.

Se o escrito de solicitude non reunise os datos de identificación ou calquera dos previstos no art. 70 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, requirirase ó interesado para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non facelo, teráselle por desistido, arquivándose sen máis trámites.

SEXTA.—LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes irán dirixidas ao Ilmo. Sr. Presidente da Deputación de Pontevedra e presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación, de luns a sábado, no Rexistro da súa sé de Vigo, de luns a venres, ou nos lugares establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (na súa redacción segundo o Real Decreto-Lei 8/2011, de 1 de xullo)

O prazo de presentación de solicitudes de subvencións, que se acollan a este programa, comenará o día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no boletín oficial da provincia, sendo de 20 días naturais.

SÉTIMA.—COMPATIBILIDADE

As axudas serán compatibles con outras axudas ou subvencións concedidas por outras entidades para a mesma actividade, pero en ningún caso o seu volume conxunto poderá superar o 100% do custo real da actividade subvencionada. A tal efecto, comunicarase á Deputación de Pontevedra a obtención doutras subvencións ou axudas propias para a mesma finalidade, procedente de calquera Administración e/ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros.

Estas axudas non son compatibles con outras concedidas no exercicio 2012 por outros Servizos da Deputación para a mesma finalidade, nin os seus Organismos Autónomos, debendo as Entidades Locais comunicar á Deputación ou Organismos Autónomos tal circunstancia de darse o caso.

OITAVA.—CRITERIOS DE CÓNCESIÓN

A asignación de subvencións ás distintas actividades, sexan culturais ou deportivas, farase en función dos seguintes criterios:

- 1º.— Porcentaxe de gastos do concello na área cultural-deportiva, con respecto ó orzamento total do concello, correspondente ó último exercicio liquidado. Valorarase ata 10 puntos.
- 2º.— Ingresos que xera para o concello a realización das actividades e a prestación de servizos culturais e deportivos, correspondentes ó último exercicio liquidado. Valorarase ata 10 puntos.
- 3º.— Importancia da actividade en función de: tipo de actividade, posibles beneficiarios, impacto e alcance territorial, colaboración con outras entidades (de ser o caso) e calquera outro indicador que permita valorar a súa incidencia de cara ó fomento cultural-deportivo, que a xuízo da Comisión de Avaliación se deban considerar. Valorarase ata 20 puntos.

NOVENA.—INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación Municipal, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes. Así mesmo, deberá elaborar un informe-proposta provisional, explicando e motivando a aplicación dos criterios de concesión establecidos na base oitava.

O informe-proposta provisional será sometido a estudo e avaliado pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto por:

- Presidente: O presidente da Deputación ou deputado en quen delegue
- Vogais: O presidente da Comisión Informativa de Cooperación Municipal e a xefa do Servizo de Cooperación.
- Secretario: Actuará como secretario, sen voto, un/unha funcionario/a do Servizo de Cooperación.

A Comisión de Valoración poderá acadar cantos informes estime necesarios para resolver, e deberá emitir informe respecto das solicitudes de subvención.

Non poderá concederse subvención para unha actividade que teña un orzamento inferior a mil (1.000,00) euros.

O procedemento ordinario de concesión das axudas é o de concorrencia competitiva. Non obstante, o órgano competente poderá resolver, ó longo do exercicio orzamentario aquelas solicitudes que, por circunstancias novas ou causas imprevisibles e excepcionais non puideran presentarse no prazo sinalado, reservándose a estes efectos á Presidencia ata un 20 % do crédito total deste programa para a súa concesión directa, tal como se prevé na Base 25.2ª das de Execución do vixente Orzamento Provincial. As propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe de fiscalización de Intervención.

Transcorridos seis meses, a partir do día seguinte en que remate o prazo de presentación da solicitude, sen que os interesados obteñan unha resposta expresa, entenderase desestimada a petición.

DÉCIMA.—REFORMULACIÓN DAS SUBVENCIONES

Os beneficiarios dunha subvención, por razóns xustificadas, poderán solicitar a reformulación da solicitude presentada cando o importe da subvención proposta sexa inferior ó solicitado. Será no momento da comunicación da proposta provisional de concesión cando os beneficiarios poidan reformular dita solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable e sempre antes de que o órgano competente acorde a concesión da mesma. A nova solicitude, terá que ser aprobada polo órgano competente para a súa concesión e, en todo caso, terá que respectar o obxecto da primeira solicitude, os requisitos previstos nas bases desta convocatoria e demais normas reguladoras de subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.—PUBLICIDADE

As Entidades Locais que sexan beneficiarias, deberán darlle a adecuada publicidade do financiamento pola Deputación da actividade subvencionada do seguinte xeito:

- Deberá facerse constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas, páxina web...) o apoio que recibe por parte da Deputación de Pontevedra. Isto farase incluíndo o logotipo da Deputación nun lugar visible en todas as comunicacións tal e como se indica no Anexo de publicidade.
- Obrigatoriamente, ó remate da actividade subvencionada, deberá acreditarse o cumprimento desta cláusula coa presentación dunha breve memoria das accións de comunicación realizadas.
- No Anexo de publicidade e na páxina web www.depo.es atópase o exemplo de tratamento que se lle debe dar á imaxe institucional da Deputación de Pontevedra.

- Para dúbidas e/ou aclaracións cómpre contactar co Departamento de Imaxe Institucional da Deputación de Pontevedra a través do correo electrónico imaxeinstitucional@depo.es ou do teléfono 986804100.

DÉCIMO SEGUNDA.—MODIFICACIÓNS DAS SUBVENCIONS

As subvencións concedidas entenderanse aceptadas se os beneficiarios non se opoñen ou rexeitan expresamente no prazo de dez días hábiles contados desde a súa notificación.

Unha vez recaída a resolución de concesión, poderase solicitar o cambio ou modificación do seu contido se concorren circunstancias excepcionais, axeitándose ó establecido nas distintas normas desta convocatoria. Asemade so se admitira un cambio ou modificación no contido da resolución de concesión.

As circunstancias excepcionais serán as seguintes:

1. Non dispor de crédito suficiente, para levar a cabo a actividade.
2. Ter recibido axudas ou subvencións doutros organismos públicos ou privados, que cubran o importe da actividade.
3. Ter prioridade na realización doutra actividade, e non conte con crédito de financiamento para levalo a cabo.
4. Algún impedimento administrativo ou doutro tipo que impida a súa realización.

O cambio de aplicación ou modificación da actividade subvencionada, terá que ser solicitado antes do 1 de decembro do 2012 e, sempre que existan razóns excepcionais que o aconsellen e así o decida o presidente ou deputado en quen delegue.

DÉCIMO TERCEIRA.—XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO

1.—Unha vez notificadas as axudas concedidas e realizada a actividade, os beneficiarios deberán xustificalas antes do día 1 de marzo do 2013.

2.—No caso de non poder presentar a xustificación na data establecida no apartado anterior, as entidades beneficiarias poderán solicitar unha ampliación do prazo establecido para a xustificación sempre que non exceda da metade do mesmo e, en todo caso, non supere os tres meses, ademais de que non perxudique dereitos de terceiros.

3.—A solicitude de prórroga deberá obrar nesta Deputación antes de que finalice o prazo de xustificación da actividade subvencionada.

Esixirase a xustificación do 100% do orzamento presentado para recibir a totalidade da subvención.

No caso de que se xustifique un gasto inferior ó 100% do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.

4.—Para recibir as subvencións concedidas, de acordo con estas bases, cómpre presentar, directamente na Deputación de Pontevedra, os seguintes documentos:

- a.— Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (identificando: acreedor e documento, importe, data de emisión, se é posible, data na que se pagou; información, no seu caso, das desviacións con relación ó orzamento que serviu de base á concesión). (Anexo II)

Os gastos xustificados deberán axustarse ós conceptos incluídos no orzamento, non aboándose máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

- b.— Facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, debendo corresponder o gasto á actividade subvencionada, e con data comprendida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2012 ambos inclusive. A xustificación con facturas será, como mínimo, polo importe da subvención concedida.
- c.— Memoria explicativa e detallada da realización da totalidade da actividade, con expresa mención dos resultados obtidos, debidamente asinada polo representante.

- d. – Certificación do secretario ou interventor (ou funcionario competente) acreditativa de que os gastos que figuran na conta xustificativa son reais e se aplicaron á actividade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame, se se considera oportuno, os xustificantes correspondentes. (Anexo II)
- e. – Declaración do Concello/Entidade Local de darlle difusión á actividade subvencionada, facendo constar a colaboración da Deputación-Servizo de Cooperación (Anexo II), ademais de cumprir co disposto na Base Décimo Primeira sobre a publicidade Anexo de publicidade). A este respecto, o Servizo de Fiscalización da Deputación poderá comprobar, en calquera momento, se se fixo a publicidade da subvención concedida e, de non ser así, non se procederá o libramento da mesma.
- f. – Declaración de non ter recibido outras subvencións de Administracións Públicas para a finalidade subvencionada ou, de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada (Anexo II).
- g. – Declaración responsable de terse realizado a actividade de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención (Anexo II).

O aboamento da subvención practicarase directamente á Entidade Local beneficiaria da subvención.

DÉCIMO CUARTA. – DEVOLUCIÓN E REINTEGRO

As axudas concedidas deberán devolvelas ou reintegralas nos seguintes casos:

1. Por obtelas falseando as condicións requiridas.
2. Por non aplicala ós fins para os que foi concedida.
3. Por incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

As responsabilidades anteriormente citadas esixiranse de acordo co procedemento previsto na Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas. Así mesmo, o reintegro das cantidades efectuarase de acordo co procedemento previsto no Regulamento xeral de recadación.

DÉCIMO QUINTA. – APROBACIÓN DAS BASES

De acordo co establecido na Base 16.2 das de execución do orzamento para o 2012 e dando cumprimento ó establecido no artigo 18 da Lei xeral de subvencións, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

DÉCIMO SEXTA. – DEREITO SUPLETORIO

Para o non disposto nas presentes bases, contemplarase o establecido nas bases de execución do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2012, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

DÉCIMO SÉTIMA. – RECURSOS

Contra o acordo da aprobación destas bases que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta publicación (artigos 107 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto nos artigos 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que considere pertinente.

ANEXOS DA CÓNVOCATORIA E MODELOS DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Todos os anexos referidos nas presentes bases ou modelos normalizados para a solicitude e a xustificación destas subvencións, serán facilitados no Rexistro Xeral da Deputación, no rexistro da súa sé en Vigo, no propio Servizo de Cooperación ou ben a través da súa páxina web www.depo.es



PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL SECCIÓN ACTIVIDADES - 2012 SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

1. DATOS DO SOLICITANTE

Concello/E. local:		CIF:	
Enderezo:			CP:
Localidade:	Tfno ¹ :	Tfno ² :	
e-mail:	Fax:		
NA SÚA REPRESENTACIÓN, EN CALIDADE DE (indicar cargo):			
D./D ^a :	NIF:		

2. SOLICITUDE

Obxecto da subvención:			
Poboación beneficiada:	<input type="text"/>	habitantes	
Orzamento:	<input type="text"/>	euros	
Subvención solicitada:	<input type="text"/>	euros	Subvención concedida: <input type="text"/> euros (a cubrir polo servizo)

3. DOCUMENTACIÓN

- Memoria explicativa da actividade a desenvolver, asinada polo representante
- Orzamento da actividade a realizar detallado, asinado polo representante
- Anexo I.
- Resolución ou certificación do acordo do órgano competente, no que se determine a actividade, e que se solicita a subvención para a súa realización.

Data:	Asdo.: O solicitante
..... de 20.....	

Mod. 942.001

Conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de carácter confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos da Deputación Provincial de Pontevedra e a outros relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito, que deberá presentar no Rexistro da Deputación.



**PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL SECCIÓN ACTIVIDADES - 2012
ANEXO I CERTIFICACIÓN**

1. DATOS DO/A SOLICITANTE

D./Dª.:		Como secretario do concello/E. local:	
Enderezo:		Localidade:	C.P.:
e-mail:	Fax:	Tfno.:	Tfno.:
Actividade:			

CERTIFICO

a.- Que a este Concello/entidade local: (marcar cun X unha das opcións)

- Non se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade
- Si solicitou ou se lle concederon, procedentes de organismos públicos e entidades privadas, as seguintes axudas ou subvencións:

Relación de axudas solicitadas		euros
		euros
		euros
Relación de axudas concedidas		euros
		euros
		euros

Así mesmo, este Concello/entidade local asume o compromiso de comunicar as que se obteñan nun futuro.

b.- Que a porcentaxe de gastos do Concello na área cultural-deportiva, con respecto o seu orzamento total, correspondente ó último exercicio liquidado, é de %.

c.- Que os ingresos que xera para o Concello a realización de actividades e a prestación de servizos culturais e deportivos, correspondentes ó último exercicio liquidado, acada a cantidade de euros.

d.- Que esta entidade local non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, coñezo e acepto as bases da convocatoria e asumo o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

E para que así conste perante a Deputación de Pontevedra, ós efectos da subvención a conceder por esa institución, suscribo a presente, en

.....de.....de 20.....

Asdo.: O secretario

Conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos da Deputación Provincial de Pontevedra e a outros relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito, que deberá presentar no Rexistro da Deputación.

No apartado b) indicar a porcentaxe de gastos e no c) indicar os ingresos

Mod. 942.002



PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL SECCIÓN ACTIVIDADES - 2012 REFORMULACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

1. DATOS DO SOLICITANTE

Concello/E. local:		CIF:	
Enderezo:			CP:
Localidade:	Tfno ¹ :	Tfno ² :	
e-mail:	Fax:		
NA SÚA REPRESENTACIÓN, EN CALIDADE DE (indicar cargo):			
D./D ^a :	NIF:		
Actividade:			
Orzamento:		Data da convocatoria:	

DECLARO

a.- Que tiven coñecemento da proposta para a concesión dunha subvención por importe de euros para a devandita actuación. (importe inferior ó solicitado)

b.- Que en relación coa conformidade que se me solicita, manifesto que a entidade á que represento: (marcar unha das opcións seguintes).

Está conforme coa subvención que se propón conceder, estimando: (marcar unha das opcións seguintes).

Que non procede reformulación ningunha da actuación.

Que reformula a súa solicitude do seguinte modo:

b.1. Novo orzamento: euros. (O motivo da reformulación é que non se dispón de cantidade suficiente para afrontar o gasto ocasionado.)

b.2. Outras modificacións (especificar: investimentos ou adquisicións, etc.)

.....

.....

Esta entidade rexeita a subvención que se propón por non estar conforme con ela. (motivar disconformidade)

.....

.....

.....,de.....de 20.....

Asdo.: O representante

Conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de carácter confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos da Deputación Provincial de Pontevedra e a outros relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito, que deberá presentar no Rexistro da Deputación.

